

A CONFIGURACIÓN DO ESPAZO A TRAVÉS DO LÉXICO:
FRAGAS, FREITAS E LAMEIROS

*Irene Bravo Pérez, M^a Luisa Vázquez Freire e
Francisco Fernández Rei (coordinador)*

Instituto da Lingua Galega (USC)

Case todas as palabras dunha lingua son polisémicas. Son moitos os factores que fan que unha palabra mude ou amplíe o seu significado orixinario; entre as causas que provocan esa mudanza ou ampliación están a metáfora, a metonimia, o empréstimo semántico e as mudanzas de aplicación (Freixeiro 1998: 117-126). E é precisamente este último factor, as mudanzas de aplicación¹, o que realmente nos interesa nesta contribución no estudo da lingua e o territorio.

O que nos propomos é analizar como as características morfolóxicas do terreo inflúen na aparición dunha nova acepción dunha palabra, acepción que en aparencia parece non ter nada que ver co seu significado orixinario. Analizaremos aquí os casos de *fraga*, *freita* e *lameiro*. Para cada caso estudaremos o seu étimo, estableceremos as isoglosas que na lingua oral² separan a acepción orixinaria da acepción nova e intentaremos mostrar como o paso dunha acepción á outra está motivado pola morfoloxía do terreo. Para isto teremos en conta as características xeolóxicas e climáticas de Galicia, pero desde o punto de vista dun viaxeiro observador das peculiaridades do terreo, pois non é a nosa intención facer un estudo científico sobre a morfoloxía do terreo de Galicia e comarcas estremeiras de fala galega (occidente de Asturias, León e Zamora), senón un estudo das palabras *fraga*, *freita* e *lameiro* no territorio lingüístico galego.

¹ Para Freixeiro (1998: 119) as mudanzas de aplicación consisten no «cambio de referente das palabras a través da historia, adquirindo novos significados derivados da súa aplicación a outro referente».

² Os datos están tirados do material aínda inédito do volume VII do *Atlas Lingüístico Galego*.

A continuación faremos un percorrido polos textos escritos (dicionarios, textos literarios, textos medievais latinos e galegos, textos modernos...), tirados de bases informáticas, Santamarina (2003), *TILG*, *TMILG*, *CODOLGA* e *CORGA*, para analizar cal é a acepción ou acepcións que presenta cada palabra estudada. Por último faremos unha breve referencia á toponimia e á antroponimia para ver que distribución teñen estas palabras nestes campos; non hai que esquecer que a toponimia e a antroponimia reflicten moitas veces a realidade.

1. FRAGA E DERIVADOS

A palabra *fraga* procede do plural neutro FRĀGĀ do substantivo do latín hispánico FRĀGUM ‘lugar fragoso, penedoso’, formado por regresión do adxectivo FRAGŌSUS ‘áspero, escarpado, rochoso’, ‘paraxe con maleza’, ‘breña’³. Polo tanto, o seu significado orixinario fai referencia a un lugar onde abundan as pedras.

FRAGŌSUS é un derivado do verbo FRANGŌ ‘romper, quebrar’, do cal tamén derivaría a palabra *freita*, neste caso do seu participio FRĀCTA ‘rotura’, igual cá forma culta *fractura*. Estamos, xa que logo, ante dúas palabras distintas, *fraga* e *freita*, con dous significados aparentemente tamén diferentes –‘lugar penedoso’ no caso da primeira e ‘rotura’ no da segunda– que presentan unha mesma orixe léxica.

Estudando os datos do *ALGa*, xunto con material recollido recentemente para completar a información dese atlas⁴, podemos apreciar que a acepción primitiva de *fraga* ‘lugar penedoso’ e outras similares (‘ladeira pendente en pena viva’, ‘terreo moi inclinado e de moitas penas’, ‘barranco de pedras’...), ou ben ‘pena, cón’ (coas variantes ‘pedra grande desprendida dunha pena’ e ‘pedra dura e enterrada que asoma á superficie’) forman unha área léxica no SE de Lugo, na parte orien-

³ Para unha información máis ampla sobre a etimoloxía de *fraga* e *freita* véxase Corominas/Pascual (1991) s. v. *fracción* e Ernout/Meillet (1985) s. v. FRANGŌ.

⁴ Agradecemoslles a corroboración da información de L.13 (A Pontenova) a Carlos Varela Aenlle, a de L.6 (Barreiros) e L.8 (Trabada) a Xesús Fernández Acevedo e a de C.6 (As Pontes de García Rodríguez), C.9 (Pontedeume) e C.14 (Monfero) a Xosé Manuel Pérez Sardiña.

tal de Ourense e puntos do galego estremeiro (Le.5 Pombriego e Z.3 Hermisende) [mapa 1].

Isto pode estar relacionado coa morfoloxía do terreo. Como se pode apreciar na visualización do mapa do relevo de Galicia [mapa 12], a zona onde *fraga* presenta este significado é a máis montañosa do territorio galego. Ademais, *fraga* ten tamén nesta zona o significado de ‘corremento de terra, feita’ nalgún punto do galego estremeiro (Le.3 Corullón⁵ e Z.3 Hermisende), o que nos leva a pensar que estas palabras están intimamente ligadas entre si, como xa se observou ao falar da súa evolución etimolóxica. Esta acepción de *fraga* como ‘pedra’, ou relacionada con ela, queda perfectamente reflectida tamén no mapa de significantes de ‘pena, cón’, cuestión do *ALGa* á que os informantes desa zona contestaron *fraga* [mapa 4].

Daquela, parece claro que as características orográficas do terreo si poden influír na adquisición de significados de certas palabras, e o caso de *fraga* pode ser explicado deste xeito. Na zona norte do bloque central onde a orografía é moito menos montañosa, especialmente na área mindoniense, mais tamén en puntos espallados no resto do dominio lingüístico –e mesmo onde *fraga* é ‘pedra, rocha’– rexistrouse o significado xeral de ‘bosque’, aínda que noutros puntos *fraga* tamén alude a un lugar con árbores (carballos ou castiñeiros), con arbustos ou maleza diversa ou simplemente a unha ‘matogueira’, como se ve no mapa 1⁶.

O mesmo sucede cos derivados de *fraga* [mapa 2]. No sur de Lugo, no leste de Ourense e nalgún punto de León e Zamora temos que estes están relacionados coas pedras: *fraguizo* (‘rochoso’), *fragueiro* (‘rocha ou penedo’, ‘talude de pedras ou terra’, ‘rochoso’), *fragón* (‘pedra grande desprendida dunha pena’), *fragouzo* (‘pedra grande desprendida doutra maior’), *fragallouzo* (‘pedra grande resbaladiza’), *esfragarse* (‘desprenderse pedras na ribeira do río’)... Nas outras zonas de Galicia onde se coñecen estas mesmas palabras as súas connotacións semánticas fan referencia á ‘maleza’, a un ‘terreo agreste’, a un ‘monte con árbores pequenas’ ou a un

⁵ Neste punto tamén significa ‘barranco de pedras’.

⁶ Na zona de Asturias e leste de Lugo (en Riotorto, A Pontenova e Taramundi) *fraga* ten o significado de ‘bosque con árbores ou con bouza’ e tamén se coñecen as voces *frago* ‘terreo de difícil acceso’ e *fragoso* ‘aplicase ao lugar de difícil acceso’, segundo a información facilitada por Carlos Varela Aenlle.

‘bosque’, en sentido xeral. Poderíase facer, así, unha clara división entre os significados relativos á pedra ou similares e os que están relacionados co bosque (monte, maleza... adxectivos relativos a ese tipo de terreo), co que quedarían dúas zonas en canto á súa distribución semántica.

Temos, xa que logo, que *fraga* é unha voz polisémica, pero cómpre intentar aclarar por que unha palabra cun significado orixinario único puido pasar a adquirir outros. Parece evidente que isto se debe, fundamentalmente, ás características físicas do terreo.

No caso de *fraga* a acepción semántica orixinal facía referencia a un lugar escarpado ou rochoso, inaccesible ou non; a erosión cuarteira a pedra e fai que apareza maleza e despois arbustos e monte baixo, polo que é fácil pensar que a partir de aí a denominación pasase a utilizarse tamén para un territorio agreste, con maleza ou vexetación baixa, e que logo se fose xeneralizando ata acadar o significado xeral de ‘bosque’, sen máis. Así se explicaría que *fraga* presente o significado de ‘lugar rochoso’ na zona máis montañosa do territorio lingüístico galego e o de ‘bosque’ no resto do territorio galego onde se utiliza esta palabra.

Na obra de Pérez Alberti (2002: 27), no capítulo da viaxe polos cumes da serra de Queixa, aparece un fragmento que podería axudar a entender esta explicación: «Enriba mesmo de Sabuguido os penedos mantéñense inestables sobre as vertentes. As rochas graníticas sufriron unha alteración química tan intensa que a penas foron capaces de preservar os seus corazóns, fortes e duros, materializados nesas bólas redondeadas; o abrazo de queirugas e uces evita a súa caída sobre as aldeas do Conso.»

Analizando as diferentes bases de datos léxicas e os dicionarios galegos⁷, comprobamos que o significado de *fraga* que predomina por riba do resto é, sen lugar a dúbidas, o de ‘bosque’.

Así, por exemplo, no *TILG* (que contén textos literarios do galego moderno desde 1612 á actualidade xunto con moi diversos textos modernos da prosa non literaria) os casos que fan clara referencia a ‘pedra’ ou ‘penedo’ son máis ben escasos. Só nuns poucos (uns 30 de 800 aproximadamente, case todos do século XX) se reflicte claramente este significado:

⁷ Trátase dos dicionarios incluídos en Santamarina (2003) e os dicionarios en formato libro de aparición máis recente.

Fraga {peña, roca}.

crin que me iba esmoucar contra unhas *fragas*.

coa forza da auga pódense formar *fragas* moi duras.

Como non quería que se escachara contra unha *fraga* ou se fora ó río, fixen que se detivera...

Pola contra, a inmensa maioría aluden explicitamente a un bosque ou conxunto de árbores:

Álbore estraña nunha estraña *fraga*.

ti andiveches nos piñeiras, nos soutos e nas *fragas*.

O val encerra unha das *fragas* máis importantes pola súa riqueza botánica.

internábase máis e máis na espesura da *fraga*, sen temor a toxos e a silvas.

aberta para que chegase o cheiro das flores e das árbores das *fragas*.

mentres que outra pequena minoría son exemplos que aluden á ‘maleza’ ou ben a voz *fraga* ten sentido metafórico⁸:

atopándose en zonas cubertas de *fraga*, e sendeiros preto de cursos de auga... [maleza].

Erguíase no meio da paisaxe coma unha grande *fraga* de pedra, coma un puño omnipotente e amenazador [uso metafórico].

Algo parecido sucede cos derivados, aínda que é máis habitual que estean relacionados co bosque. É o caso de *fragoso*, pois a metade dos casos atopados (10-15) teñen o significado claro de ‘boscoso’, mentres que a outra metade divídense entre ‘ruidoso’ ou ‘agreste’:

Alá da outra banda tras de Montecelo oíuse un trebón *fragoso* e horrendo [ruidoso].

Voan os corvos na *fragosa* bouza de eucalitos... [boscosa].

De *fragueiro* como ‘penedo’ só atopamos un exemplo:

colleu ó rei e ergueuno ata poñelo no outo do *fragueiro* que alí había e inda hoxe hai.

A meirande parte deles aluden a unha persoa que traballa coa madeira (leñador ou carpinteiro):

principalmente carballo, piñeiro, ameneiro e sanguíño que o *fragueiro* comenza por escoller no mesmo arbore...

⁸ Outros significados de *fraga*: ‘xogo da fraga’, ‘fragua’ (ferrería)...

e queda rematado o chedeiro, sendo de advertir que o *fragueiro* que se respecta non emprega nil peza algunha de ferro...

Fraguiza, pola súa banda, parece referirse á ‘maleza’ case totalmente e *esfragar* ten o sentido xeral de ‘caer’ ou ‘esnafrarse’:

Sentín ruxido entre a *fraguiza*, e vin que se abalaban as silvas e a ramallada.
Non sei como non me *esfraguei* naquela carreira de tolo...

Vese, polo tanto, que todos estes derivados de *fraga* teñen algunha relación coa fractura do terreo⁹, como xa dixemos que o tiña *fraga*, aínda que fosen adquirindo matices diferentes. Sucede o mesmo no *CORGA*, que contén textos de diversa procedencia (economía e política, cultura e artes, ciencias sociais, ciencias e tecnoloxía, ficción e outros), desde 1975. Poderíase dicir que a acepción predominante de *fraga* é, en máis dun 90%, ‘bosque’:

Polo outono, cruzando a *fraga*, entre os fentos atexados, baixo as faias...
Máis alá do prado, unha *fraga* transparente de carballos cerraba a vista...
máis alá unha *fraga* mesta de teixos e piñeiros coutaba o horizonte.

Resulta curioso, cando menos, que fose este e non o significado orixinal da palabra (‘lugar fragoso, penedoso’) o que triunfase. Xa na época medieval (en textos latinos galaicos do século VI ata o XV sacados do *TMILG* e do *CODOLGA*) acontecía algo parecido, aínda que nestes textos se aprecia un uso algo distinto da palabra *fraga*, xa que normalmente facía referencia a un nome de lugar ou a un nome propio, aínda que estes últimos en clara alusión ao lugar nativo da persoa en concreto. Pode ser por iso que logo *fraga* quedase instaurado como apelido, tan habitual na actualidade [mapa 10]¹⁰:

Gonçaluo da *Fraga*, escudeyro do dito Affonso Gomes.
enton paresceu enno dito conçello Garçia da *Fraga*, home do dito Rui Sanches.

⁹ ‘Agreste’, ‘maleza’ ou ‘esnafrarse’: o adxectivo xa o indica no seu contido léxico, o substantivo está a medio camiño entre un significado e o outro e para que se produza a acción do verbo ten que haber algún tipo de fractura no terreo.

¹⁰ Agradecemoslle a elaboración dos mapas 10 e 11 (mapas de apelidos de *Fraga* e de *Lameiro*, respectivamente) a Xulio Sousa Fernández.

Ademais, como se pode observar no mapa, a zona onde hai algún apelido *Fraga* coincide na súa meirande parte (excepto algún punto do sur de Lugo) con aquela na que esta palabra presentaba o significado xeral de 'bosque'. En cambio, na zona onde as súas acepcións estaban relacionadas con 'pedra' non existe o apelido *Fraga*. O mesmo acontece na toponimia. O topónimo *Fraga* e os seus derivados tamén se rexistran na área de *fraga* 'bosque' [mapas 7 e 8].

Navaza Blanco (1998) no estudo que fai da toponimia de Ourense xa explica a ausencia de *fraga* na toponimia desta provincia facendo referencia ao seu significado, xa que mentres no galego doutras zonas designa un colectivo arbóreo, no territorio estudado por el tiña (e ten) o significado de 'penedo'.

Pola súa banda, Palacio Sánchez (1981) na súa análise da toponimia do concello de Pantón (sur de Lugo) fai un agrupamento por campos semánticos (orotoponimia, fitotoponimia, zootoponimia, hidrotoponimia...), e o caso de *fraga* e os seus derivados explícao dentro do campo semántico da fitotoponimia, relacionándoo neste caso coa idea de 'bosque' ou 'vexetación abundante'.

Canto á lexicografía, cómpre analizar polo miúdo a voz *fraga* desde o punto de vista dos dicionarios galegos e doutras linguas románicas veciñas. En todos os dicionarios galegos o significado primario de *fraga* é o de 'bosque', pero cómpre salientar que na maioría deles tamén se alude á súa espesura ou pouca accesibilidade, o que nos leva a pensar que, como xa se mencionou nun principio, co paso do tempo ao significado orixinal de 'terreo penedoso' se lle fosen engadindo matices ata dar lugar a outro significado distinto e, como tamén quedou dito, a orografía do terreo influíu niso. Ademais, en todos eles aparece tamén o significado primeiro, polo que na actualidade, como xa se puido observar no mapa do *ALGa*, perdura esa acepción, aínda que minoritaria:

Fraga: s. f. Bosque de árbores, de diferentes clases, plantadas ou nadas espontaneamente. Lugar cheo de penedos e rochas. Rocha escarpada. Penedo, peñasco. Espécie de silva. Matorral que serve de abrigo por romper nele a forza do vento. Terreno mui fondo entre montes abruptos. Xisto pizarroso descarnado nun monte (Estravís 1995).

Fraga: s. f. Extensión de monte, polo xeral illado e de difícil acceso, po-boado de distintas especies caducifolias, de herbas, mofos e liques e na que convive así mesmo unha gran diversidade de fauna. Extensión de monte

con moita vexetación (árbores, arbustos e mato), que na súa maior parte medra espontaneamente. SIN. Bosque (RAG 1997).

Fraga: s. f. V. bosque. Terreo fragoso. Extensión de monte, normalmente illada e pouco accesible, con gran diversidade de fauna e flora constituída por caducifolias, herbas, mofos e liques (Cumio 1999).

Fraga: s. f. Terreo con todo tipo de árbores nacidas espontaneamente e mato espeso. Penedía ou crebada fragosa. Matogueira que serve de abrigo porque para a forza do vento. Pedra dura e enterrada que asoma a súa superficie (Xerais 2000).

Resulta curioso, en cambio, que nas palabras derivadas de fraga (*fragoso, fraguizo, fragueiro...*) o significado máis abundante sexa o relacionado coas pedras ou penedos:

Fragoso: adx. Abondoso en penedos, crebas e desniveis pronunciados, polo que o paso é difícil. SIN. Abrupto, accidentado, áspero, crebado, escarpado, esgrevio (RAG 1997).

Fragoso: adx. Dise do terreo accidentado, cheo de pedras, bosque baixo, etc., polo que é difícil camiñar; abrupto, crebado, escabroso, escarpado, esgrevio, quebrado (Xerais 2000).

Fraguizo: adx. Cuberto de rochas e penedos (Xerais 2000).

Fragueiro: s. m. Pedra de gran tamaño. SIN. Pena, penedo. Noiro de terra ou pedra. Tratante de madeira ou persoa que se dedica a cortar árbores. Carpinteiro especializado na fabricación de carros (RAG 1997).

Fragueiro: s. m. Comerciante de madeira. Carpinteiro que se dedicaba fundamentalmente a facer carros. Persoa que percorre os montes e fragas para cortar árbores e arrincar pedras. Cazador de monte. Pedra de gran tamaño; penedo. Noiro de pedras ou terra (Xerais 2000).

Fragueiro: adx. Que é abondoso en rochas e desniveis pronunciados (RAG 1997).

Fragueiro: adx. Dise do terreo non cultivado, con escabrosidades e vexetación abundante. Cuberto de rochas e penedoso (Xerais 2000).

Nos dicionarios portugueses, pola súa banda, a acepción maioritaria de *fraga* é aquela que fai referencia a un terreo escarpado ou rochoso:

Fraga: Terreno escabroso. Penhasco; brenha (Figueiredo 1986).

Fraga: Rocha escarpada; penhasco, penedia. Calhau grande; pedregulho. Brenha; mata (Houaiss 2001).

Fragoso: Em que há muitas fragas ('rocha escarpada'); fraguento, penhascoso ('terreno'). De difícil acesso; árduo de se atravessar (Houaiss 2001).

Fragoso: Áspero; escabroso; penhascoso. Dificilmente acessível (Figueiredo 1986).

Nos dicionarios asturianos sucede o mesmo:

Fragoso: Bable occidental. Dícese del terreno o camino abrupto, con mucho guijo (Neira/Piñeiro 1989).

Fragosu, -a, -o: Con muncha pedra, mui tomáu pola maleza, malu d'andar [un camín]. De vexetación mui mesto (ALLA 2000).

E no catalán:

Fragós: adj. Dit d'un terreny tallat, ple de matolls, de roques, etc (IEC 1995).

Fragós: adj. Abrupte, ple de malesa i obstacles que dificulten el pas (Moll 1988).

Fragositat: f. Qualitat de fragós; malesa i altres obstacles que fan fragós un camí, un terreny (Moll 1988).

Nos dicionarios casteláns ocorre algo parecido, aínda que neste caso son máis abundantes as palabras derivadas de *fraga* (sobre todo *fragoso*) que non esta en si mesma, que se recollería no dicionario da Academia a partir de 1899, seguramente por galeguismo ou lusismo (Corominas/Pascual 1991 s.v. fracción):

Fraga: (Del lat. **fraga*, tierra quebrada y escarpada) f. **breñal** (RAE 1992).

Fraga: (De un supuesto lat. vulgar *fraga*, derivado de *fringere*). Breñal. Lugar montañoso, abrupto y con malezas (Moliner 1994).

Fragoso/a: (Del lat. *fragosus*, quebrado y ruidoso). adj. Áspero, intrincado, lleno de quiebras, malezas y breñas (RAE 1992).

Fragoso: (Aplicado a terrenos). Sinónimos: abrupto, áspero, quebrado. Lleno de peñascos y asperezas o de maleza (Moliner 1994).

Fragosidad: (De *fragoso*, quebrado, escarpado). f. Aspereza y espesura de los montes (RAE 1992).

Fragosidad: Cualidad de fragoso (Moliner 1994).

2. FREITA

O caso de *freita* é algo distinto ao de *fraga*. Como se pode apreciar no mapa de significados de *freita* [mapa 3], aparecen dúas áreas léxicas ben claras: unha no bloque oriental en canto esta se refira ao 'corremento de terra' ou 'terreo agreste', e outra máis pequena na área fisterá do bloque occidental, co significado de 'canle'. Curiosamente,

a primeira das acepcións coincide tamén coa zona máis montañosa (macizo oriental), onde *fraga* presentaba o significado maioritario de ‘pedra’ e algún exemplo de ‘corremento de terra’, como xa se mencionou anteriormente. Con todo, só no SE de Lugo e nalgún punto de León hai *fraga* e *freita*, porque na parte oriental de Ourense practicamente non existe, pero hai *freitas* na montaña oriental de Lugo e Asturias onde non hai *fraga*. É máis, se comparamos os dous mapas [mapa 1]/[mapa 3], en Corullón (León) parece que *fraga* e *freita* son sinónimos, segundo a resposta dos informantes á cuestión “corremento de terra, freita”, xa que dan as dúas nese punto. Ademais, parece bastante evidente pensar que o significado de ‘corremento de terra’ estea relacionado co de ‘rotura do terreo’, o seu significado orixinal, do que se falou anteriormente.

As bases de datos léxicas sérvennos de grande axuda para resolver o problema. Dos 10 exemplos atopados no *TILG* só un corresponde exactamente co seu significado orixinal de ‘fractura do terreo’, de Ánxel Fole:

Freita: quebrada, fractura do terreo.

Os outros casos fan referencia a unha ‘depresión no terreo’, a un ‘corremento de terra’ ou, tamén nalgún caso, ao nome dun lugar:

que tiña ás veces que arrodear quenllas secas e *freitas* por non poder pasar por onde ela pasara.

Parecen significados distintos pero analizándoos un pouco podemos chegar á conclusión de que están relacionados entre si. Así, o significado orixinal de ‘fractura do terreo’ deu lugar a ‘depresión no terreo’ e tamén é doado deducir que un corremento de terra ten que estar orixinado por unhas características morfolóxicas do terreo determinadas (neste caso unha depresión). De feito, o significado habitual de *freita* na lingua actual é o de ‘corremento de terra’ ou ‘terreo agreste’, como xa se viu nos datos do *ALGa*. Aínda así, no *CORGA* tamén se aprecia unha acepción de ‘fractura’, pero usada cun sentido metafórico, nun texto de Ramón Piñeiro:

pode evitar a *freita* do dualismo discontinuo seguindo a vía cognoscitiva do sentimento...

e a outra acepción principal do galego oral actual, ‘canle’ ou ‘fervenza’:

Baixou cara á *freita* onde borcaba a auga.

E este mesmo sentido metafórico de fractura, de separación, é o que quixeron manifestar os membros da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (MDGA) cando lle puxeron a unha das súas publicacións o nome de *Freita* (1992), tan vivo na zona da serra eonaviega:

FREITA, del latín *fractus, -a, -um*, participio pasado del transitivo da 3ª *frango fregi fractum* ou de *frangere* [sic]: romper, quebrar. En asturiano FRECHA. En castelán pode traducirse por: hendidura, abertura prolongada. Na Nosa Terra úsase, xunto con fana e arribada, ben pra indicar un grande correntemento de terras provocado pola chuvia ou por calquera outra circunstancia, ou ben pra referirmos a un barranco, barranqueira ou cavorco ou a unha quebra, creba, quebrada, crebada, greta, fenda ou fenedura.

Todos os nacidos nesta dichosa Asturias de entre el Navia e el Eo sabemos ben que de sempre houbo unha inmensa FREITA que nos xebraba en todos os aspectos del resto del Principado, pro sobre todo xebrábanos del opresor e despreciativo centro de Asturias.

Xa é un tópico dicir que se nos chamaba galegos e considerábanos non asturianos ou, como máximo, asturianos de outra fruxe.

A lingua medieval parece aclarar máis a cuestión. O étimo da palabra, FRÁCTA, aparece en cinco fragmentos do *CODOLGA* e parece ter como significado xeral ‘rota’ ou algo similar, polo que é evidente que non latín medieval este sería o seu significado:

Si navis *fracta* fuerit...
In nave *fracta* Ecclesia Alba...
vel immunitas ecclesiae fuerit *fracta*.

Freita, pola súa banda, non nos axuda para explicar a súa evolución semántica porque todos os casos atopados (tamén os do *TMILG*) fan referencia a nomes propios de persoa ou propiedades:

Concedo quendam nostram hereditatem in *Freita*...
Quomodo diuidit per hereditatem de *Freita*...
O qual dito lugar da *Freita* ella conprou a Moor da *Freita*, mollerde Fernan Gomes.

aínda que aquí, ao contrario do que sucedía coa palabra *fraga*, non parece que quedase instaurada como apelido.

Pola súa banda, na toponimia galega só hai un lugar en toda Galicia co nome de A Freita, na parroquia de Cereixedo (Santiago), no concello de Cervantes (Lugo), na zona dos Ancares, o que confirma a nosa teoría de que a orografía da zona ten un papel relevante nesta cuestión. Ademais, no Nomenclátor de Asturias rexístrase La Frecha nos concellos de Piloña e Lena; Palacio Sánchez (1981: 40-191) fala dos topónimos Frecha en Santander e Oviedo e Freita e Freitas en Portugal, á parte do Freita galego. En Portugal hai, ademais, o apelido Freitas.

A palabra *frecha* xa se recolle nos dicionarios asturianos co significado de ‘fendedura’ ou ‘abertura’, e ‘argayu nun terrenu’ (desprendemento de terra):

Frecha: Cabranes. Hendidura (Neira/Piñeiro 1989).

Frecha: Subst. Fendedura, abertura [allargada]. Argayu [nun terrenu]. Sitio [argayáu]. Abertura [d'una mancadura] (ALLA 2000).

No seu dicionario castelán, Marty (1883) referíase á *freita* asturiana como «en Asturias, la quebradura o hendidura en las tierras pendientes, que ordinariamente se causa por el torrente de las aguas».

Segundo Pensado (1983), tanto no portugués coma no galego *freita* gozou de bastante vitalidade. No portugués do século XV ata deu lugar a un verbo *freitar*, que tamén aparece con signo de arcaísmo nalgúns dicionarios galegos, e que el afirma que podería ser paralelo aos casos de *arromper* e *abrir*, formados a partir de *arrotas* e *abertas*.

De feito, o verbo *afreitar*, documentado no galego oral co significado de ‘cavar nas canles de rego para sacar as malezas e porquerías do fondo’ [mapa 3], tamén se recolle en dous dicionarios galegos, o de Estravís (1995) e o de Ir Indo (2004), co significado de ‘botar a rolos os feixes de leña pola afreita abaixo’ ou ‘cavar nos regos para limpar a bouza ou a maleza do fondo’.

Afreita é aínda menos frecuente e nos dicionarios onde se estuda aparece como sinónimo de *freita*.

Freita tampouco aparece en todos os dicionarios galegos, aínda que si na maioría¹¹, cos significados xerais de ‘corremento de terra’, ‘de-

¹¹ Ir Indo (1986), Estravís (1995), Cumio (1999), Xerais (2000) e Ir Indo (2004).

presión no terreo’, ‘freixa, caída de auga desde certa altura debida a un corte ou depresión no terreo’ ou ‘canle secundaria dun prado’. Nalgún caso tamén se fala de ‘fractura do terreo’ (eses son os menos) ou de ‘ladeira dun monte por onde se botan os feixes de leña’ e de ‘terreo escarpado’, significados que parecen estar máis relacionados co seu significado orixinal, aínda que, como dixemos antes, ‘corremento de terra’ e ‘depresión no terreo’ tamén teñen moito que ver.

3. LAMEIRO

Outro exemplo no que se ve como a morfoloxía do terreo inflúe na modificación do significado orixinario dunha palabra, dando lugar á aparición doutra acepción distinta, é o caso de *lameiro*. Esta voz procede do latín LAMA¹² ‘barro, lodo’ e o sufixo colectivo *-eiro/a*. Temos, pois, que o seu significado primeiro é ‘lugar onde abunda a lama, o barro’. No asturiano, pola súa banda, existe *llamarga*, co significado de ‘mestura de auga e barro, sitio onde se dá esa mestura’.

Se pasamos a analizar os significados que *lameiro* ten no galego oral, vemos que, como se reflicte no mapa feito a partir do material aínda inédito do *ALGa* e do de García (1985) [mapa 5], se observan dúas zonas. Unha, que ocupa as provincias da Coruña, Pontevedra e o centro e norte de Lugo que está representada no mapa polos símbolos de cor negra. Nesta zona os distintos significados que presenta *lameiro* nos puntos en que se rexistrou teñen como trazo común o de ‘lugar con auga’. Os puntos baleiros desta área léxica están ocupados polas distintas acepcións de *lameira* que teñen tamén como trazo común o de ‘terra con auga, bulleiro’ [mapa 6]. A outra zona, representada no mapa polos símbolos de cor vermella, é unha área léxica compacta, que ocupa a práctica totalidade da provincia de Ourense, o sur de Lugo e puntos de Pontevedra, León e Zamora que estreman con esa área, xunto con algún outro illado no resto do dominio lingüístico (C.35 Santiago e A.7 Ibias). Os significados de *lameiro* nesta área léxica presentan como trazo

¹² Para unha discusión máis profunda sobre a etimoloxía de *lama* véxase Laporta (1992).

común o de 'lugar onde hai herba'. Nesta zona tamén é onde atopamos os escasos exemplos de *lameira* co trazo de 'lugar con herba' agás dous puntos localizados na outra área (P.30 Oia e L.15 Meira)¹³.

Temos, pois, que o significado primario de *lameiro*, 'lugar onde hai lama', ao contrario do que sucedía con *fraga*, no que o seu significado primario ocupaba unha situación marxinal, ocupa a maior extensión (aínda que estean moi espallados os puntos), mentres que a nova acepción, 'lugar onde hai herba', ocupa unha zona menor pero moi compacta. Para explicar esta segunda acepción, 'lugar onde hai herba', cómpre termos en conta, como acontecía coa acepción de 'bosque' para *fraga*, as características morfolóxicas do terreo, pero tamén, neste caso, as condicións climáticas de Galicia.

Se un fai unhas cantas viaxes pola provincia de Ourense e o sur de Lugo e contempla a configuración do espazo desta zona, pode observar que se trata, en liñas xerais, dunha zona montañosa e con profundos vales onde apenas hai grandes chairas, agás a depresión da Limia ou a de Ourense, como se pode apreciar no mapa físico de Galicia [mapa 12]. Se ademais esas viaxes as facemos en distintas estacións vemos que, nesta zona, os veráns son normalmente secos, feito que se reflicte na súa paisaxe, que contrasta coas provincias atlánticas, moito máis húmidas. Se lle botamos unha ollada ao mapa de precipitacións [mapa 13] vemos que é precisamente nesta zona onde atopamos o menor índice de precipitacións, que curiosamente coincide cos puntos onde *lameiro* presenta o significado xeral de 'prado'.

Se temos en conta todas as características desta zona, que podemos sacar como meros observadores da paisaxe dun lugar, non parece moi difícil explicar como esa nova acepción de *lameiro*, 'lugar onde hai herba' se creou a partir da acepción orixinaria 'lugar onde hai lama' por un cambio de referente. Se *lameiro* designa nun principio aqueles lugares que teñen auga en abundancia, terras con auga, etc. é lóxico pensar que de aí pasase a designar nesa zona da Galicia meridional (Ourense e sur de Lugo), e puntos do galego estremeiro próximos (Corullón e Benuza en León e Porto en Zamora) e algún afastado (Ibias en Asturias) moito máis seco, aqueles lugares que xunto aos ríos e regatos presentaban no

¹³ Resulta curioso ver como *lameira* mantivo o seu significado orixinario en detrimento da nova acepción, que só se localiza en cinco puntos [mapa 6].

verán unha maior humidade¹⁴ e que se dedicaban a herba para o gando; posteriormente de aí aplicaríase a calquera lugar onde se cría herba para pasto sen necesidade de ser un lugar húmido no verán.

Estamos, pois, tamén ante outro caso en que á nova acepción se chega por un cambio gradual do referente ata dar lugar a outro que pouco ten que ver co que estaba na orixe da palabra. Así, *lameiro* pasa de ter un único referente 'lugar con moita auga, bulleiro...' a adquirir tamén outro novo que presenta como característica a de ser un lugar con humidade e con herba, e de aí pasaríase facilmente a que o seu referente sexa simplemente 'lugar con herba, prado', no que xa non se alude á humidade. No mapa de significados de *lameiro* [mapa 5] obsérvase unha zona de transición no límite entre as provincias de Pontevedra e Ourense, onde conflúen as dúas acepcións de *lameiro* antes sinaladas, feito que parece indicar que foi por esta zona por onde puido empezar a darse o cambio de referente de *lameiro*. Curiosamente antes desa zona está a parte onde se rexistra o maior índice de precipitacións.

Se lles botamos unha ollada aos exemplos que hai de *lameiro* nas bases informáticas do *TILG* e do *CORGA*, vemos que a acepción maioritaria que presenta *lameiro* nestas obras aquí recollidas é a de 'lugar con herba', con ou sen humidade¹⁵:

estando segando a herba nun *lameiro* houbome d'arrabanan cunha fouciña os cinco dedos...
 máis linda parecía posta no medio do *lameiro* coa herba hastr'a pantorrilla...
 o que me importa é que non me volvas tornar a auga do *lameiro* hastra que vos toque.
 esperárono ó escurecer cando viña de tornar a auga dun *lameiro*.
 cando vían o gado dos *lameiros* parar de pacer...
 abaixo nos *lameiros* sombrizos e mollados hai un terrible lagarto...
 non como terras de labor senón como *lameiro* prós seus gados...
 coma quen apaña a herba dos *lameiros*...
 A xente ten *lameiros* e leva os animais a pacer alí...

¹⁴ Piel (1954: 40) ao falar dos topónimos Lama e os seus derivados xa sinalaba que na palabra *lama* «de la acepción primitiva 'terreno bajo pantanoso' se ha desarrollado la de 'pradera húmeda en verano'».

¹⁵ En moitos dos exemplos non é posible saber se se está a referir a un terreo húmido ou non debido ao contexto reducido con que aparecen os exemplos nestas bases.

mentres que o seu significado primeiro, ‘lugar onde hai lama’, aparece nun número restrinxido de exemplos:

Ábrem'as portas, rapaza,/ ábremas de caridá,/ qu'estou cos pés no *lameiro*,/
mórrome de crueldá.
empezou a chover na aldea. Fixose un *lameiro* inmenso, terra mol impedía
o paso das bestas...
pero tiña moita barriga e o camiño da Fonte era un *lameiro*.
sumidas as patas na brandura dos areais ou dos *lameiros*.

Lameiro tamén se documenta nos textos medievais. Nestes textos o máis frecuente é que *lameiro* sexa un topónimo ou un apelido:

e mays vos aforamos *dos pedaços de herdat* que jazen onde chaman o
Lameiro...
Johan *Lameyro*, Fernando Eanes clrigos de Vilanova...

pero hai algúns exemplos nos que é un nome común e nestes casos parece ter tamén o significado de ‘prado’:

que mando que se labre e anobe de pan e alçando o nobo del çeyben la dita
restreba para que todos paçan de consuun a salvo quede fazer de *lameyro* se
quisere fasta duas jeyras de herdade...
e otro terreo so carrera, e enna cabeçera una figueyra, e con seu *lameyro*; e
a meted de un terreo que jaz enna ayra do Souto...

Se agora facemos un percorrido polos distintos dicionarios e léxicos galegos, vemos que o seu comportamento á hora de definir *lameiro* non se mantén homoxéneo en todos eles ata os nosos días. Os do século XIX definen *lameiro* como ‘prado’, sen facer referencia a se ten ou non humidade, agás o de Pintos de 1856 recollido dentro de Santamarina (2003), en que aparece definido como ‘lodazal’:

Lameiro: Prado chico y algo húmedo, que está en punto bajo en las márgenes o inmediaciones de algún río o arroyo, y se dedica todo el año, o su mayor parte, a la siega en verde para el ganado. Lameiro, se llama en las inmediaciones de Lugo; en Salnés herbeiro, y en Tabeirós herbeira, y mayormente cuando son en plural, herbeiras.

Lameiro: Prado.

É a partir de 1958 cando nos dicionarios galegos aparece unha segunda acepción para *lameiro*, a de ‘terreo pantanoso, bulleiro’:

Lameiro: Prado natural de terra llana y regadía, en que se deixa crecer la hierba para pasto del ganado. Tierra de cultivo en que hay humedad constante. Cenechal, pantano donde se recogen y se detienen las aguas.

Lameiro: Prado. Terreno húmedo donde se cría hierba para alimento del ganado. Terreno pantanoso. Tremedal.

Nos dicionarios dos últimos anos as acepcións que aparecen son as de ‘lugar onde hai lama’ e a de ‘prado moi húmido’:

Lameiro: Prado natural de terra chá en regadío, onde se deixa medra-la herba para pasto do gando; braña. Terreo húmido. Terreo onde hai moita lama; bulleiro, lamazal, lameira, lamorqueira, trollo (Xerais 2000).

Mesmo nalgúns casos non se nos di que se trate dun prado, simplemente se nos di que é un ‘terreo moi húmido onde só medra a herba e outras plantas ou arbustos’¹⁶. Obsérvase, pois, na definición de *lameiro* nos dicionarios máis recentes unha tendencia a primar o seu trazo primario e maioritario na lingua oral, ‘lugar con moita auga’ en detrimento da súa segunda acepción, ‘lugar con herba, prado’, que é a predominante na lingua literaria. Esta tendencia, primacía do trazo ‘lugar onde hai auga’, é a que se atopa tamén nos dicionarios portugueses. As acepcións que *lameiro* ten nestes dicionarios son as de ‘lugar onde hai lama’ e ‘terreo con auga e herba’:

Lameiro: LAMAÇAL (‘quantidade de lama’). Terra alagadiça onde cresce o pasto. Terreno aproveitado para cultivo, na vazante dos rios (Houaiss 2001).

Este distinto comportamento, no tocante ás acepcións de *lameiro*, entre os textos escritos e os dicionarios máis recentes talvez se deba a que no uso de *lameiro* como ‘lugar con herba’ nos textos literarios inflúa o peso da tradición literaria escrita anterior. Non hai que esquecer que esa tamén era a acepción maioritaria nos primeiros dicionarios galegos.

Porén os máis recentes danlle primacía á acepción co trazo ‘lugar onde hai auga’ porque recollen a acepción maioritaria do galego actual, aínda que neste amplo territorio hai moitos puntos en que parece non

¹⁶ Esta acepción aparece no *Diccionario da Real Academia Galega* (1997) e tamén no de Ir Indo (2004).

coñecerse como forma popular *lameiro*. Quizais tamén estean moi condicionados polas acepcións dos dicionarios portugueses.

En moitas ocasións os topónimos e os nomes propios representan palabras do léxico común. Polo xeral, nun principio, este tipo de topónimos facían referencia ás características do referente desa palabra¹⁷. En moitos destes topónimos xa non son perceptibles esas características para nosoutros, pero si o son, en cambio, noutros casos. Na toponimia maior de Galicia atopámonos con Lameiro(s) e algún derivado¹⁸. Estes topónimos, como se pode apreciar no mapa [mapa 9], localízanse maioritariamente nas provincias da Coruña e Pontevedra, xusto na parte occidental da dorsal galega¹⁹ que divide Galicia, de norte a sur, en dúas partes, aínda que tamén se rexistran algunhas bolsas de topónimos en zonas moi secas de Lugo e Ourense, xusto na parte oriental da dorsal. A parte occidental é a zona con maior índice de precipitacións de Galicia, como se pode ver no mapa de precipitacións [mapa 13], pois a dorsal actúa de barreira das masas oceánicas e fai que estas descarguen máis precipitacións; en cambio, a zona oriental da dorsal é unha das zonas máis secas (Martínez Cortizas/Pérez Alberti 1999: 62-69). Parece probable, pois, que estes topónimos fagan referencia a un lugar onde hai moita auga. Ademais, segundo a súa distribución xeográfica, localízanse maioritariamente na zona onde *lameiro*, como nome común, presenta como trazo ‘lugar onde abunda a auga’ [mapa 5], o que confirma a posibilidade de que estes topónimos fagan referencia ás características deses lugares nos que abunda a auga. Este feito demostra que a acepción primaria non quedou rapidamente restrinxida a unha pequena zona coma no caso de *fraga*, senón que esta acepción ten plena vixencia desde antigo ata hoxe.

O eido da antroponimia tamén pode dar algunha pista sobre cal é a acepción con máis éxito, pero no caso de *lameiro* non nos axuda

¹⁷ Exemplos destes casos poden verse na tese de Palacio Sánchez (1981) que estuda a toponimia maior e menor do concello de Pantón, agrupándoa por campos semánticos, onde o autor, en moitos casos, dá as características do lugar ao que se lle aplica o topónimo.

¹⁸ Datos sacados do *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* (2003).

¹⁹ Dorsal formada polas serras, de norte a sur, da Faladoira, da Loba, da Cova da Serpe, do Farelo, do Faro, do Testeiro e do Suído, como se pode ver no mapa 12.

moito, pois o apelido Lameiro aparece espallado polas dúas zonas das acepcións de *lameiro* na lingua oral [mapa 11]. Realmente concéntrase na provincia de Ourense, sobre todo na parte oriental, e no resto hai apelidos Lameiro onde no mapa 5 case non hai datos.


4. REMATE

Nestes tres casos, *fraga*, *freita* e *lameiro*, parece claro que a morfoloxía do terreo influíu na ampliación do seu campo referencial. Os tres casos pasan de ter un único significado na súa orixe a ter máis dun no galego actual. O paso de ter un referente único a ter máis dun é algo que se produce de forma gradual; nalgúns casos, tendo en conta os significados que presenta esa palabra na lingua oral e a configuración do espazo de Galicia e das comarcas estremeiras de lingua galega, podemos supoñer cales son os pasos que se van dando gradualmente ata chegar a esa acepción final que, tan só en aparencia, nada ten que ver co seu significado orixinario.


Coa análise aquí presentada, quixemos demostrar como dúas acepcións tan distintas dunha palabra estaban relacionadas entre si nun principio e que a segunda acepción se orixinou a partir da primeira por un cambio gradual de referente. Os textos escritos e a toponimia e a antroponimia tamén nos poden axudar a ver que acepción prevalece sobre a outra.

O galego literario fai que *fraga* 'bosque' se estenda totalmente, e o mesmo sucede no caso de *lameiro* 'prado', mentres que *freita* é un termo descoñecido para a maioría dos galegofalantes.

APÉNDICE DE MAPAS


Mapa 1. Significados de *fraga* (ALGa)

- | | |
|--|---|
| ◇ 'pena, cón' | ● 'terreo agreste' |
| ◆ 'pedra grande desprendida dunha
pena' | ▲ 'monte con uces e toxos' |
| ◊ 'pedra dura e enterrada que asoma á
superficie' | ▼ 'matogueira' |
| ● 'lugar con penas' | ◆ 'tenza de monte' |
| ⊙ 'ladeira pendente en pena viva' | ▣ 'monte con árbores pequenas' |
| ⊙ 'terreo moi inclinado e de moitas
penas' | ▤ 'bosque espeso con arbustos e de
acceso difícil' |
| ⊙ 'terreo esvaradío' | ▥ 'bosque con árbores ou con bouza' |
| ● 'barranco de pedras' | ■ 'bosque onde non entra o gando' |
| ⊕ 'corremento de terra, freita' | ● 'bosque de carballos' |
| | ⊙ 'souto de castiñeiros' |
| | ● 'lugar con pinos, piñeiral' |
| | ● 'souto' |
| | ⊙ 'bosque' |




Mapa 2. Significados dos derivados de *fraga* (ALGa)

- | | |
|--|--|
| ● fraguizo: 'rochoso' | ◆ fragueiro: 'o que corta piñeiros no monte' |
| ⊛ fraguiza: 'falda, ladeira' | ♣ fragueiro: 'leñador' |
| ▣ fraguiza: 'matogueira' | ♠ fragueiro: 'comerciante de madeira' |
| ▣ fraguiza: 'maleza' | ▲ fragón: 'pedra grande desprendida dunha pena' |
| ■ fraguiza: 'lugar inaccesible con árbores e maleza diversa' | ▼ fragouzo: 'pedra grande desprendida doutra maior' |
| ⊙ fraguiza: 'monte con árbores pequenas' | ▶ fragallouzo: 'pedra grande esvaradiza' |
| ⊙ fraguiza: 'espesura de bosque' | ▣ fragoso: 'terreo agreste' |
| ⊙ fraguicela: 'tenza pequena e estreita de monte' | ⊕ fragoso: 'terreo lameiroso' |
| ● fraguizal: 'monte con uces e toxos' | ▼ sitio fragoso: 'bosque' |
| ◀ fragal: 'monte con uces e toxos' | ● fragoso: 'ruín, tacaño' |
| ▶ fragal: 'lugar onde se desenvolve a maleza e/ou o bosque' | ⊕ lugar fragueño: 'agreste, silvestre' |
| ▲ fragal: 'bosque' | ⊖ fraguizoso: 'esvaradío' |
| ● fragueiro: 'rocha ou penedo' | ⊕ esfragarse: 'desprenderse pedras na ribeira do río' |
| ● fragueiro: 'rocha ou penedo' | ⊕ esfragarse: 'caer a rebullóns, a rolos' |
| ⊙ fragueiro: 'talude de pedras ou terra' | ■ esfragadeiro: 'sitio por onde se pasa con dificultades e perigo' |
| ⊙ fragueiro: 'rochoso' | |




Mapa 3. Significados de *freita* e derivados (*ALGa*)

- | | |
|---|--|
| ⊙ freita: 'corremento de terra' | ◊ afreitar: 'cavar nas canles de rego para sacar as malezas e porquerías do fondo' |
| ▣ esfreita: 'corremento de terra' | ◆ freitear: 'facer canles nos prados' |
| ● freita: 'desprendemento de terra, barrancada' | ◆ facer as freitas: 'facer canles nos prados' |
| ⊙ freita: 'barranco' | |
| ● freita: 'terreo agreste' | |
| ▣ freitoa: 'terreo agreste' | |
| ● freita: 'lugar que se rozou' | |
| ▲ freita: 'canle' | |
| ◆ afreita: 'canle' | |
| ▼ freita: 'canle secundaria dun prado' | |
| ◊ afreita: 'canle para regar os herbais' | |




Mapa 4. Pena, cón (ALGa)

- | | | | | |
|-----------|---------|--------|-----------|---------------|
| ○ pena | ■ cón | ◆ coio | ◆ petón | ▲ fraga |
| ⊙ penedo | ▣ conle | | ◇ petouto | ▼ fragallouzo |
| ● peneda | ■ có | | ◇ petouco | |
| ⊕ penelo | | | | |
| ⊕ penela | | | | |
| ⊙ penezo | | | | |
| ● penasco | | | | |
| ★ peña | | | | |
| ★ peñasco | | | | |


Mapa 5. Significados de *lameiro* (ALGa)

- | | |
|---|--|
| ○ 'lamazal, bulleiro' | ■ 'lugar no monte onde nace herba e hai auga' |
| ● 'terreo lamacento' | ◉ 'campela, lugar onde a herba medra espontaneamente no monte' |
| ◉ 'monte encharcado, braña' | ● 'prado' |
| ◻ 'terra moi branda e húmida, tremedal' | ◉ 'terreo deixado a prado despois de ser labradío' |
| ■ 'terreo onde nace a auga' | ● 'pasteiro, prado adicado a pastizal' |
| ◻ 'mestura de terra e auga' | |
| ▲ 'lagoa' | |
| ◆ 'remanso do río para empozar o liño' | |




Mapa 6. Significados de *lameira* (ALGa)


- | | |
|---|--|
| ● 'lamazal, bulleiro' | ● 'campela, lugar onde a herba medra espontaneamente no monte' |
| ● 'terreo lamacento' | ● 'prado de secano' |
| ● 'monte encharcado, braña' | ◆ 'olmo, umeiro' |
| ▣ 'terra moi branda e húmida, tremedal' | ◆ 'álamo negro, lamigueiro' |
| ■ 'terreo onde nace a auga' | |




Mapa 7. *Fraga* na toponimia. (Nomenclátor 2003)





Mapa 8. Derivados de *fraga* na toponimia: *Fraga* + especificador, *Fragoso*, *Fragosiño*, *Fragoselo*, *Fraguella*, *Fraguella*, *Fraguña* e *Fraguizón* (Nomenclátor 2003)




Mapa 9. *Lameiro* e derivados na toponimia: *Lameiro*, *Lameiro* + especificador e *Lameiriño* (Nomenclátor (2003))



Mapa 10. O apelido *Fraga* (Instituto Galego de Estatística, 1998)

Mapa 11. *Lameiro*. Apelidos (Instituto Galego de Estatística, 1998)

Mapa 12. Mapa do relevo de Galicia (Rozas Caeiro 1980: 8)



Mapa 13. Mapa de precipitacións (Martínez Cortizas/Pérez Alberti 1999: 84)